

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ORDE do 29 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as normas de pesca nas augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia durante a tempada de 2024.

O artigo 58 da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, establece que por medio da orde anual de pesca continental, a consellería competente en materia de pesca continental establecerá, para cada tempada, as normas específicas de pesca das distintas especies pescables que habitan as augas continentais de Galicia, adoptará os réximes especiais que se coiden pertinentes en determinados tramos de auga e aprobará as modificacións e as revisións dos plans técnicos de xestión dos recursos piscícolas que sexan necesarias.

O mesmo artigo tamén indica que as normas específicas de pesca fixarán as épocas hábiles, os tamaños mínimos, as cotas de captura, os cebos e as modalidades de pesca para cada especie en todas as augas continentais da Comunidade Autónoma, sen prexuízo do disposto nas normas específicas para cada tramo de auga.

En virtude do anterior, en concordancia co disposto no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía, e en uso das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. Normas para a pesca do salmón

1. Períodos hábiles.

a) Couto da Frieira: do 1 de maio ao 31 de xullo. Poderá adiantarse o remate da tempada en función das cotas de captura que se establecen máis adiante.

b) Coutos de Pontevea, Santeles, Sinde, Ximonde, A Pontenova (lotes 1, 2 e 3), Betanzos, Celeiro e Salmeán: do 1 de maio ao 30 de xuño. Poderá adiantarse o remate da tempada en función das cotas de captura que se establecen máis adiante.

CVE-DOG: hvckyq5-qyb5-5nv4-flu4-6wguigipwc3



c) Coutos do río Eo compartidos con Asturias (lotes 4 e 5 da Pontenova, lotes 2 e 3 de San Tirso e lotes 4 a 9 de Abres; no sucesivo, río Eo compartido): do 1 de maio ao 30 de xuño.

d) Outras masas de auga: non se autoriza a captura do salmón.

2. Dimensións mínimas e cotas de captura.

a) Para os efectos do disposto no artigo 31 da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, e no 71 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (Decreto 130/1997, do 14 de maio), fíxase unha dimensión mínima de 40 cm. No río Eo compartido, a dimensión mínima fíxase en 45 cm.

b) Cota de captura por persoa e xornada: un exemplar.

c) Cotas anuais de captura: 5 no río Mandeo, 15 no río Masma, 8 no río Miño, 10 no couto de Salmeán e 15 no río Ulla. No resto dos coutos autorizados no río Eo non se establece cota anual de captura.

3. Engados.

a) Engados artificiais autorizados: mosca artificial, culleriña e peixes artificiais ou semellantes.

No río Eo compartido, a partir do 1 de xuño prohibense a culleriña, o devón e mais os peixes artificiais e semellantes. A partir do 16 de xuño só se permite a mosca artificial.

b) Engados naturais autorizados: miñoca e quisquilla. Só se poderán empregar con anzois de dimensións maiores ou iguais aos que se sinalan no anexo I desta orde.

No río Eo compartido, a partir do 16 de xuño prohibense os engados naturais.

4. Prescricións especiais para as capturas de salmón.

a) As capturas accidentais, as capturas fóra da tempada hábil, as capturas de exemplares de dimensión menor que a mínima e mais as capturas en tramos de pesca sen morte terán que ser devoltas á auga con rapidez, mantendo o peixe na auga mentres se libera do engado e podéndose valer dunha sacadeira, pero nunca deberá ser suspendido verticalmente suxeitándoo pola cola; de ser preciso, cortarase a sedela para liberar o peixe.



b) En todos os salmóns capturados comprobarase a existencia de micromarcas magnéticas na cartilaxe nasal no momento de seren precintados e guiados.

Dado que os salmóns micromarcados proceden das repoboacións efectuadas pola Administración galega ou por outras administracións españolas ou estranxeiras, débense recuperar as micromarcas mediante a extracción do fragmento da cartilaxe nasal en que se atope a citada micromarca magnética. Nestes casos, deberase prestar a colaboración necesaria e permitir a permanencia do salmón no centro de precintaxe o tempo necesario para recuperar a micromarca magnética propiedade da Administración autora da repoboación.

Artigo 2. *Normas para a pesca do reo*

1. Períodos hábiles.

a) Coutos de Betanzos, Noia, Noval, Ombre, Padrón, A Ponte do Porto, Ribeiras, Segade, Traba, Xuvia e Lambre: do 1 de maio ao 30 de setembro.

b) Coutos de Ponte Arnelas, Pontevea, Santeles, Sinde e Ximonde: do 1 de maio ao 31 de agosto.

c) Río Eo compartido: do 1 de maio ao 31 de xullo.

d) Zonas de desembocadura (anexo I da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia): non se autoriza a captura do reo.

e) Outras masas de auga: do 1 de maio ao 31 de xullo.

2. Dimensións mínimas e cotas de captura.

a) Para os efectos do disposto no artigo 31 da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, e no 71 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (Decreto 130/1997, do 14 de maio), fíxase unha dimensión mínima de 35 cm.

b) Cota de captura por persoa e xornada: 2 exemplares.

c) No río Eo compartido, a dimensión mínima é de 25 cm e a cota de captura é de 2 reos por persoa e xornada.



3. Engados.

a) Engados artificiais autorizados: mosca artificial, culleriña, risco e peixes artificiais e semellantes.

b) Engados naturais autorizados: todos os engados naturais, agás todo tipo de ovas de peixes e o peixe natural. Os engados naturais só poderán empregarse con anzois de dimensións maiores ou iguais ás que se sinalan no anexo I desta orde.

c) Prescricións especiais para engados artificiais nas masas de auga salmoneiras do anexo III, incluídos os coutos de salmón: a culleriña terá un tamaño máximo de 6,5 cm medidos entre a argola superior e a curvatura do anzol.

d) Prescricións especiais para engados naturais nas masas de auga salmoneiras do anexo III: queda prohibido o uso de engados naturais, agás para a pesca do salmón nos seus coutos.

e) No río Eo compartido, a partir do 1 de xuño prohibense a culleriña, o devón e mais os peixes artificiais e semellantes. A partir do 16 de xuño só se permite a mosca artificial.

Artigo 3. *Normas para a pesca da troita*

1. Períodos hábiles.

a) Masas de auga salmoneiras do anexo III desta orde, agás río Eo compartido: do 1 de maio ao 31 de xullo.

b) Río Eo compartido: do 1 de maio ao 31 de xullo.

c) Masas de auga de reo do anexo IV desta orde: do 1 de maio ao 31 de xullo.

d) Cabeceiras de ríos de montaña do anexo V desta orde: do 1 de maio ao 31 de xullo.

e) Coutos de pesca intensiva: do 17 de marzo ao 30 de setembro.

f) Outras masas de auga: do 17 de marzo ao 31 de xullo.

g) Zonas de desembocadura (anexo I da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia): non se autoriza a captura da troita común.



h) Nos coutos con convenio cunha entidade colaboradora, prolongarase a tempada de pesca ata o 30 de setembro na modalidade de pesca sen morte, nos termos recollidos no artigo 16 desta orde.

2. Dimensións mínimas e cotas de captura.

a) Para os efectos do disposto no artigo 31 da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, e no 71 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (Decreto 130/1997, do 14 de maio), fíxase unha dimensión mínima de 19 cm con carácter xeral, sen prexuízo das normas específicas que se establecen neste mesmo artigo para determinadas masas de auga.

Cota máxima de captura por persoa e xornada: 6 exemplares, sen prexuízo das normas específicas que se establecen neste mesmo artigo para determinadas masas de auga.

b) Río Eo compartido: dimensión mínima de 25 cm e cota de 4 troitas por persoa e xornada.

c) Normas específicas en masas de auga do anexo VI: dimensión mínima de 21 cm e cota de 4 exemplares por persoa e xornada.

d) Normas específicas en toda a masa de auga dos encoros dos anexos VII e VIII: dimensión mínima de 23 cm e cota de 3 exemplares por persoa e xornada.

e) Normas específicas nos coutos de pesca: no anexo XII recóllense as dimensións mínimas e as cotas de captura específicas de cada couto de pesca.

f) Nunha masa de auga concreta non se poderá estar en posesión de troitas de menor tamaño que o autorizado, mesmo cando fosen pescadas noutro lugar, agás no caso de que se estea de paso, con todos os aparellos e engados recollidos e, se é o caso, as canas pregadas.

g) Nos ríos en que haxa troita e mais reo só se poderá capturar un número de pezas igual ao da cota da troita, sen que o número de reos supere a súa propia cota.

3. Engados.

a) Engados artificiais autorizados: mosca artificial, culleriña e peixes artificiais e semellantes.



b) Engados naturais autorizados: todos os engados naturais, agás todo tipo de ovas de peixes e o peixe natural. Os engados naturais só se poderán empregar con anzois de dimensións maiores ou iguais ás que se sinalan no anexo I desta orde.

c) Prescricións especiais para engados artificiais nas masas de auga salmoneiras do anexo III, incluídos os coutos de salmón: a culleriña terá un tamaño máximo de 6,5 cm, medido entre a argola superior e a curvatura do anzol.

d) Prescricións especiais para engados naturais nas masas de auga salmoneiras do anexo III: queda prohibido o uso de engados naturais, agás para a pesca do salmón nos seus coutos.

e) No río Eo compartido, a partir do 1 de xuño prohibense a culleriña, o devón e mais os peixes artificiais e semellantes. A partir do 16 de xuño só se permite a mosca artificial.

f) No anexo IX establécense as masas de auga en que se prohibe o engado natural a partir do 1 de xullo.

g) Outras prescricións especiais para engados naturais recóllense nos réximes especiais do anexo XIV.

Artigo 4. *Normas para a pesca dos ciprínidos autóctonos*

1. Períodos hábiles.

a) Masas de auga salmoneiras do anexo III desta orde: do 1 de maio ao 31 de xullo.

b) Masas de auga de reo do anexo IV desta orde: do 1 de maio ao 31 de xullo.

c) Cabeceiras de ríos de montaña do anexo V desta orde: do 1 de maio ao 31 de xullo.

d) Encoros do anexo VIII: todo o ano.

e) Outras masas de auga: do 17 de marzo ao 31 de xullo.

2. Engados.

a) Engados artificiais autorizados: mosca artificial, culleriña e peixes artificiais.

CVE-DOG: hvckkyq5-qvb5-5nv4-flu4-6wguigipwc3



b) Engados naturais autorizados: todos os engados naturais, agás todo tipo de ovas de peixes e o peixe natural. Os engados naturais só se poderán empregar con anzois de dimensións maiores ou iguais ás que se sinalan no anexo I desta orde.

c) Con carácter xeral prohíbense aqueles engados e tamaños de anzol prohibidos para salmón ou reo na mesma masa de auga e no mesmo período.

d) Autorízase cebar as augas para a captura de ciprínidos nos encoros do anexo VIII. Esta ceba poderase realizar con engados vexetais ou pensos. Cando se trate de adestramentos e campionatos oficiais, poderase empregar o *asticot* con autorización expresa do servizo provincial de Patrimonio Natural correspondente.

e) Fóra da tempada hábil de salmónidos, nos tramos de encoros delimitados no anexo X, poderanse empregar anzois de calquera tamaño para a captura de ciprínidos con engados vexetais ou asticot, e quedan prohibidos outros engados.

f) Máximo de dous anzois por cana, con carácter xeral, para ciprínidos nos encoros do anexo VIII.

Artigo 5. *Normas para a pesca da sabella (Alosa fallax)*

1. Períodos hábiles.

a) Tramo do río Ulla comprendido entre a presa de Couso e a desembocadura: do 1 de maio ao 9 de xuño.

b) Outras masas de auga: non se autoriza a captura da sabella.

2. Dimensións mínimas e cotas de captura.

a) Para os efectos do disposto no artigo 31 da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, e no 71 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (Decreto 130/1997, do 14 de maio), fíxase unha dimensión mínima de 30 cm.

b) Cota de captura por persoa e xornada: cinco exemplares.

CVE-DOG: hvvckyq5-qyb5-5nv4-flu4-6wguigipwcc3



3. Engados.

Con carácter xeral, prohíbense aqueles engados e tamaños de anzol prohibidos para salmónidos na mesma masa de auga e no mesmo período.

Artigo 6. *Normas para a pesca da anguía*

Védase a anguía en todas as augas continentais da Comunidade Autónoma e en todas as fases do ciclo vital da especie, incluídos, en todo caso, os exemplares denominados comunmente como angula ou meixón. Exceptúase deste réxime a pesca de interese etnográfico autorizada no río Miño nos concellos de Portomarín, O Páramo, Paradela e Guntín, e mais os plans de pesca da anguía nas zonas de desembocadura no mar definidas no segundo parágrafo do artigo 4.4 da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia.

Artigo 7. *Réxime especial da lamprea*

A pesca da lamprea autorízase unicamente nos ríos Tea e Ulla. As autorizacións para a pesca da lamprea regúlanse mediante unha normativa específica que publica anualmente a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Artigo 8. *Réxime especial de especies de esteiro (robaliza, muxo, solla...)*

1. Períodos hábiles.

a) Masas de auga salmoneiras do anexo III desta orde: do 1 de maio ao 31 de xullo, ou ata a finalización da tempada do reo naqueles coutos autorizados ata o 30 de setembro.

b) Masas de auga do reo do anexo IV desta orde: do 1 de maio ao 31 de xullo, ou ata a finalización da tempada do reo naqueles coutos autorizados ata o 30 de setembro.

c) Zonas de desembocadura (anexo I da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia): todo o ano.

d) Outras masas de auga: do 17 de marzo ao 31 de xullo.



2. Dimensións mínimas e cotas de captura.

a) A dimensión mínima de captura para cada unha destas especies será a establecida na normativa de pesca marítima.

b) A cota máxima de capturas por persoa e día será de 5 kg para o total de pezas capturadas e pode non computarse o peso dunha peza. Só se permitirá a tenza dunha peza que exceda o peso do tope establecido.

3. Engados.

Engados autorizados: xorra ou becho de mar (*Nereis sp.*), pulga de mar, miolo de pan, quisquilla, mosca artificial cun anzol e sen arponciño, peixes artificiais e mais engados de materiais plásticos ou semellantes (comunmente coñecidos como «vinilos»).

Artigo 9. *Normas xerais para a pesca de especies do Catálogo español de especies exóticas invasoras*

1. Conforme o disposto na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, modificada pola Lei 7/2018, do 20 de xullo, autorízase a pesca das seguintes especies: perca americana común (*Micropterus salmoides*), carpa (*Cyprinus carpio*), cangrexo vermello americano (*Procambarus clarkii*) e cangrexo sinal (*Pacifastacus leniusculus*).

2. Ámbito territorial das autorizacións e período hábil.

a) Perca americana común e carpa.

1º. Encoros de Zamáns, O Vao, Montefurado, As Portas, As Conchas, Lindoso, Vilasouto, A Hedrada, Cecebre, Belesar, Castrelo de Miño, Cachamuíña, A Frieira, Os Peares, Velle, Pumares, San Martiño, San Pedro, Santiago, Santo Estevo, Sequeiros, Leboreiro e Portodemouros. En todos os casos, os límites dos encoros son os que se sinalan no anexo VIII desta orde. O período hábil comprende todo o ano.

2º. Tramos fluviais dos ríos Miño e Sil comprendidos entre os encoros sinalados no punto anterior. O período hábil de cada tramo será o establecido na normativa xeral ou nos réximes especiais do anexo XIV.



b) Cangrexo vermello americano e cangrexo sinal.

1º. Encoros de Sabón, As Forcadas e Cecebre (agás tramos vedados): todo o ano.

2º. Ríos Sil e Bibeí: todo o ano.

3º. Ríos da Furnia, do Hospital da Briña e do Pego (afluentes do baixo Miño) augas abaixo da estrada PO-552 (Vigo-Tui) en todos os casos: todo o ano.

4º. Canles e pozas da antiga lagoa de Antela, pozas dos Milagres (concello de Maceda), pozas de Rioseco (concello de Paderne de Allariz), pozas de Niñodagua (concello de Xunqueira de Espadanedo) e coiñais de Oímbra (concello de Oímbra): todo o ano.

5º. Encoro da Fervenza e tramo do río Xallas augas abaixo da presa de Ventín: do 17 de marzo ao 30 de setembro.

6º. Encoros de Belesar e Os Peares, nos tramos incluídos no réxime especial de encoros do anexo VIII: todo o ano.

3. Dimensións mínimas e cotas de captura.

Non se establecen dimensións mínimas nin cotas de captura.

4. Engados e artes autorizadas.

a) Fóra da tempada hábil de salmónidos, nos tramos autorizados para a captura de perca americana común poderanse empregar *streamers*, engados de superficie (comumente coñecidos como *poppers* e *plugs*) e engados de materiais plásticos ou semellantes (comumente coñecidos como «vinilos»), queda prohibido o emprego de peixes artificiais.

b) A única arte de pesca autorizada para o cangrexo vermello americano e o cangrexo sinal é o trueiro. Cada persoa só poderá empregar un máximo de 10 trueiros e non ocupará cos seus trueiros máis de 100 metros de río ou de beira de encoro.

5. Normas de pesca no ámbito territorial autorizado.

Os exemplares das especies citadas no punto 1 que sexan extraídos da natureza por calquera procedemento non poderán ser devoltos ao medio natural. Tampouco poderán



ser transportados en vivo ou ser mantidos con vida; deberán ser sacrificados inmediatamente no lugar de captura. Estas prescricións aplicaranse en todo caso e lugar, incluídas as capturas accidentais, mesmo cando se trate dun tramo de pesca sen morte.

6. Normas de pesca fóra do ámbito territorial autorizado e pesca doutras especies do catálogo.

Prohíbese a pesca doutras especies do Catálogo español de especies exóticas invasoras distintas das incluídas no punto 1, así como a pesca destas últimas fóra do ámbito territorial autorizado indicado no punto 2 deste artigo.

En todo caso, as capturas accidentais están sometidas ás prohibicións xenéricas de posesión, transporte ou devolución ao medio natural.

Artigo 10. *Especies vedadas*

Védanse en todas as masas de auga as seguintes especies: cangrexo de río (*Austropotamobius pallipes pallipes*), reñosa (*Achondrostoma arcasii*), espiñento (*Gasterosteus gymnurus*), zamborca (*Alosa alosa*) e anguía (*Anguilla anguilla*). Exceptúanse os plans de pesca da anguía nas zonas de desembocadura no mar definidas no segundo parágrafo do artigo 4.4 da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia.

Artigo 11. *Xornadas hábiles*

a) Con carácter xeral, declárase o luns como inhábil para a pesca, agás festivos nacionais ou autonómicos.

b) Os xoves serán hábiles unicamente para a modalidade de pesca sen morte en todas as masas de auga, agás festivos nacionais ou autonómicos, que serán hábiles segundo a modalidade de pesca autorizada en cada masa de auga.

c) Nos coutos de salmón de Betanzos e A Frieira, e nos coutos de pesca intensiva da Ulloa e do Carballiño (tramo 2), serán inhábiles os xoves para todos os efectos, agás festivos nacionais ou autonómicos.

d) Nos tramos dos ríos Eo e Navia compartidos con Asturias serán inhábiles os luns e mais os xoves, agás festivos nacionais.



e) Nas zonas de desembocadura (anexo I da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia), e nos encoros en que se autoriza a pesca de ciprínidos autóctonos durante todo o ano (anexo VIII), serán hábiles todos os días da semana para a captura de especies distintas dos salmónidos, sen obriga de practicar a pesca sen morte en ningún caso.

f) Excepcionalmente, e logo de resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, nas xornadas inhábiles poderanse expedir permisos de pesca en coutos para atender aqueles compromisos institucionais que o requiran ou para compensar os erros que se poidan producir no sistema de expedición de permisos de pesca.

Artigo 12. *Horas de pesca*

a) De conformidade co disposto nos artigos 17 e 4.44 da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, só se poderá practicar a pesca no período comprendido entre unha hora antes da saída do sol e unha hora despois do solpor. As horas oficiais serán as publicadas na páxina web de Meteogalicia (<http://www.meteogalicia.es/web/predicion/orto/ortoIndex.action>), e tomarase como referencia a localidade máis próxima ao punto onde se estea pescando.

b) Dez minutos antes do comezo e dez minutos despois da finalización da xornada de pesca, todos os aparellos e engados deberán estar recollidos e, se é o caso, as canas pregadas.

Artigo 13. *Modalidades de pesca*

a) Como regra xeral, e para todas as especies, só se autoriza a pesca con cana, sen prexuízo da regulamentación específica para a pesca de interese etnográfico autorizada da lamprea e da anguía.

b) Prohíbese o aparello coñecido como «de ninfa» e calquera outro semellante (que estea composto por máis dunha ninfa ou perdigón), lastrado no seu extremo e que arrastre polo fondo. No anexo II desta orde esquematízanse exemplos de aparellos prohibidos conforme este artigo.

Artigo 14. *Canas de pescar e utensilios auxiliares*

a) De conformidade co disposto no artigo 34.2 da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, con carácter xeral só se permite o emprego dunha cana por persoa,



a unha distancia máxima do pescador ou pescadora de tres metros, e dunha sacadeira ou un lazo como elemento auxiliar.

b) Para a pesca desde embarcacións só se poderá empregar unha cana por persoa, e autorízase un máximo de tres canas por embarcación, aínda que o número de persoas embarcadas sexa maior.

c) Nas zonas de desembocadura (anexo I da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia), e nos encoros que se relacionan nos anexos VII e VIII desta orde, autorízase o emprego de dúas canas desde a beira e a unha distancia máxima do pescador ou pescadora de tres metros.

Artigo 15. *Pesca desde embarcación*

a) De conformidade co disposto no artigo 26.3 da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, poderase pescar desde embarcacións ou artefactos aboiantes nas zonas de desembocadura e naquelas masas de auga expresamente autorizadas nos anexos VII e VIII desta orde, sen prexuízo das competencias dos organismos responsables da navegación e flotación nas zonas de desembocadura ou nas masas de auga continentais.

b) A prohibición de aparellos de ecolocalización, sonar ou semellantes, recollida no artigo 17.2 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (Decreto 130/1997, do 14 de maio), é aplicable a calquera modalidade de pesca desde embarcación, mesmo en artefactos aboiantes exentos de licenza de embarcación.

Artigo 16. *Pesca sen morte*

1. Períodos hábiles.

O período hábil para esta modalidade de pesca abranguerá, con carácter xeral, desde o 17 de marzo ao 31 de xullo, coas seguintes excepcións:

a) O inicio da tempada aprázase ata o 1 de maio nos casos de masas de auga salmoneiras, masas de auga de reo ou cabeceiras de ríos de montaña.

CVE-DOG: hvckyq5-qvb5-5nv4-flu4-6wguigipwc3



b) Coutos conveniados, agás Boborás, Laza, Celanova, Mondoñedo e Xinzo: finalizada a tempada da troita, expediranse permisos de pesca sen morte ata o 30 de setembro.

c) Tramos libres de pesca sen morte (anexo XI): o período hábil prolongarase ata o 30 de setembro, con carácter xeral. No caso dos tramos da bacía do Anllóns (ríos Anllóns, Bardoso e Quenxe), o período hábil prolongarase ata o 31 de agosto. Nos tramos dos ríos Eo e Támega non se prolongará a tempada de pesca.

d) Coutos e tramos de coutos de pesca sen morte (anexo XII): o período hábil prolongarase ata o 30 de setembro, agás nas augas salmoneiras da provincia de Lugo.

e) No caso do tramo libre de pesca sen morte Lagoa Mina Mercedes V, poderase pescar durante todo o ano.

2. Normas de pesca.

Nos coutos e tramos de pesca sen morte rexerán as seguintes normas:

a) Autorízanse todos os engados artificiais cun só anzol e sen arponciño, e queda prohibido para todos os efectos o engado natural.

b) Todas as capturas deberán ser devoltas á auga inmediatamente despois da súa extracción.

c) Non se poderá ter ningún peixe, aínda que fose pescado noutro tramo.

d) Poderán reservarse os permisos de couto para actividades educativas solicitadas por entidades interesadas na mellora do medio fluvial. Nestes casos expediranse os permisos gratuitamente, e poderase ampliar o número máximo de permisos por causas xustificadas.

e) No anexo XI recóllense os tramos libres en que unicamente se poderá practicar a pesca sen morte.

Artigo 17. *Normativa dos coutos*

Apróbase a normativa dos coutos de pesca que figura no anexo XII desta orde.

CVE-DOG: hvckkyq5-qyb5-5nv4-flu4-6wguigqjpw3



Artigo 18. Vedas e réximes especiais

a) Védanse as masas de auga que se relacionan no anexo XIII desta orde. A inclusión dunha masa de auga neste anexo prevalece fronte á súa inclusión en calquera outro anexo desta orde, e a masa de auga considerárase vedada para todos os efectos.

b) Apróbanse os réximes especiais provinciais que figuran no anexo XIV desta orde.

c) No anexo XV establécense as normas de funcionamento que rexerán nas zonas de adestramento de Lugo, Ourense e Pontevedra.

d) Con ocasión da celebración dos campionatos de Salmónidos Mosca Lago Beira e Salmónidos Lance Lago Beira e o Campionato Nacional de Salmónidos Lance Artificiais, apróbase o réxime especial de pesca que se establece no anexo XVI, coas normas que nel constan.

Disposición adicional primeira

Os peches anticipados da tempada de salmón entrarán en vigor o día seguinte ao de acadar a cota anual.

No caso dos coutos de salmón nos cales remate a tempada ao chegar á cota anual, quen teña permisos expedidos con anterioridade poderá solicitar a devolución do seu importe.

En todo caso, para o reintegro do importe será preciso presentar unha solicitude escrita, á cal se xunte o permiso, e mais unha copia do impreso de pagamento en que figuren os datos da persoa titular do permiso.

Con carácter xeral, o prazo de solicitude para devolucions será de dez días naturais contados a partir do peche da tempada no couto; transcorrido este prazo, só procederá a devolución cando se solicite antes da data de vixencia do permiso.

Disposición adicional segunda

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para ditar cantos actos e resolucións sexan necesarios para o desenvolvemento desta orde e, en particular,

CVE-DOG: hvckyq5-qvb5-5nv4-flu4-6wguigipwc3



para ampliar as cotas anuais de captura de salmón, no caso de ser preciso, logo de informe do Servizo Provincial de Patrimonio Natural.

Disposición adicional terceira

A persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural poderá modificar o anexo XII desta orde para adecuar a normativa de coutos de pesca e facer as reservas dos permisos, de conformidade co disposto no Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (Decreto 130/1997, do 14 de maio). As modificacións requirirán unha solicitude da entidade titular da reserva de permisos cunha anticipación mínima de quince días, o informe favorable do Servizo de Patrimonio Natural da xefatura territorial e, con carácter xeral, no caso dos concursos deportivos oficiais ou das entidades colaboradoras, a práctica da modalidade de pesca sen morte.

Disposición adicional cuarta

Co obxecto de facilitar o adestramento das persoas pescadoras participantes en competicións locais, autonómicas, nacionais e internacionais, a Federación Galega de Pesca, co visto e prace da Secretaría Xeral para o Deporte, poderalle propor á Dirección Xeral de Patrimonio Natural a autorización para practicar a pesca sen morte nun tramo das augas continentais da nosa comunidade autónoma fóra do período hábil de pesca.

Coa solicitude deberase xuntar a identificación das persoas pescadoras e, se é o caso, dos seus adestradores ou adestradoras, e nela especificaranse as datas dos adestramentos que se pretenden autorizar.

Disposición derradeira



Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e manterase vixente ata a publicación da orde correspondente á tempada do ano 2025.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2024

Ángeles Vázquez Mejuto
Vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente,
Territorio e Vivenda

CVE-DOG: hvckyq5-qvb5-5nv4-flu4-6wguigipwc3



ANEXO I
Dimensións mínimas do anzol para a pesca con engado natural

ANEXO II
Exemplos de aparellos de ninfa


ANEXO III

Principais masas de auga salmoneiras

Na táboa deste anexo figuran os principais tramos fluviais habitados polo salmón. Nos límites inclúense entre parénteses os concellos en que se atopan e as coordenadas (X e Y) no sistema ETRS89, proxección UTM-29N. En todos os casos a masa de auga comprende o último quilómetro de todos os afluentes do tramo. Na columna titulada «km» figura a lonxitude aproximada do tramo expresada en quilómetros.

Río	Límite superior	Límite inferior	km
Anllóns	A Ponte Cardezo (Cabana de Bergantiños; 511.933, 4.786.072)	Canteira de Santa Mariña (Cabana de Bergantiños e Ponteceso; 508.727, 4.786.968), límite superior da zona de desembocadura	9,4
Da Balsa	Ponte da Balsa (Cabana de Bergantiños; 506.697, 4.782.849)	Desembocadura no Anllóns (Cabana de Bergantiños; 508.195, 4.785.721)	5,5
De Cundíns	Ponte do Muíño Novo (Cabana de Bergantiños; 508.658, 4.782.730)	Desembocadura no Anllóns (Cabana de Bergantiños; 508.785, 4.785.021)	2,9
Deza	Presa de Saldres (Silleda e Vila de Cruces; 562.901, 4.733.038)	Desembocadura no Ulla (Silleda e Vila de Cruces; 553.372, 4.737.034)	18
Eo	Pasarela da Volta da Teixeira (Ribeira de Piquín; 645.719, 4.787.713), límite superior do couto de Vilarmide	Ponte do ferrocarril Ferrol-Gijón (Ribadeo e Asturias; 657.546, 4.815.196), límite superior da zona de desembocadura	52
Landro	Presa do Salto do Can (Ouro e Viveiro; 613.226, 4.828.579)	A Ponte de Portochao (Viveiro; 611.959, 4.832.569), límite inferior do couto de Viveiro e superior da zona de desembocadura	7,5
Lañas	Salto natural de Fao (Touro; 558.876, 4.744.642)	Desembocadura no Ulla (Touro; 560.231, 4.742.449)	3,1
Lérez	Presa de Dorna (Campo Lameiro e Cerdedo-Cotobade; 544.148, 4.707.908)	Ponte vella do ferrocarril Vigo-A Coruña en Monte Porreiro (Pontevedra; 530.147, 4.699.369), límite superior da zona de desembocadura	27
Liñares	Presa da minicentral denominada salto da Devesa (A Estrada; 543.422, 4.729.582), límite inferior do couto de Ponte Liñares	Desembocadura no Ulla (A Estrada; 543.351, 4.732.461)	4,9
Mandeo	O Inferniño (Aranga e Irixoa; 573.815, 4.788.692)	A Ponte Vella de Betanzos (564.178, 4.792.367), límite superior da zona de desembocadura	15
Masma	A Ponte de Viloalle (Mondoñedo; 632.940, 4.813.819), límite superior do couto de Mondoñedo	A Ponte da Espiñeira na estrada N-642 (Barreiros e Foz; 639.862, 4.822.235), límite superior da zona de desembocadura	23
Mera	A presa de Pita (Cerdido e Ortigueira; 588.609, 4.828.615)	Lugar de Castro-Areeira (Ortigueira; 588.228, 4.835.964), límite superior da zona de desembocadura	11
De Oca	Presa da piscifactoría (A Estrada; 548.778, 4.732.623)	Desembocadura no Ulla (A Estrada; 547.622, 4.733.669)	2,3
Ouro	Pasarela de Valmaior (Foz; 631.895, 4.825.619), límite superior do couto de Foz	Ponte de Fazouro (Foz; 636.549, 4.827.851), límite inferior do couto de Foz e superior da zona de desembocadura	8,4
Da Pulgueira	Ponte da Pulgueira (Ortigueira; 590.563, 4.828.046)	Desembocadura no Mera (Ortigueira; 588.879, 4.828.931)	2,6
Sor	Afluente Panda ou río das Forxas (Mañón e O Vicedo; 604.041, 4.836.501), límite superior do couto de Ribeiras	Souto da Ribeira (Mañón e O Vicedo; 603.925, 4.840.394), límite superior da zona de desembocadura	13
Tea	Lugar de Foxaco (Mondariz; 546.369, 4.676.888), límite superior do couto de Mondariz	Desembocadura no Miño (Salvaterra de Miño; 539.083, 4.658.406)	29
Ulla	Presa do Salto nº 2 ou salto de Touro (Touro e Vila de Cruces; 561.982, 4.742.084)	A Ponte de Catoira (Catoira e Rianxo; 522.405, 4.724.994), límite superior da zona de desembocadura	74
Valga	Fervenza de Raxoi ou de Pedrafita (Valga; 530.623, 4.725.620)	Desembocadura no Ulla (Valga; 527.045, 4.729.577)	8,5
Veá	Ponte Poceños (A Estrada; 537.913, 4.732.299)	Desembocadura no Ulla (A Estrada; 538.198, 4.733.372)	1,9
Xabriña	Área recreativa de San Pedro (Mondariz e Mondariz-Balneario; 544.585, 4.674.756)	Desembocadura no Tea (Mondariz e Mondariz-Balneario; 543.845, 4.675.289)	1,3



ANEXO IV

Principais masas de auga do reo

Na táboa deste anexo figuran os principais tramos fluviais habitados polo reo. Nos límites de cada tramo inclúense entre parénteses os concellos en que se atopan e as coordenadas (X e Y) no sistema ETRS89, proxección UTM-29N. Na columna titulada «km» figura a lonxitude aproximada do tramo expresada en quilómetros. Cando a masa de auga inclúe todo o curso dos afluentes existentes no tramo, na columna titulada «Obs.» figura o texto «Afluentes»; nos demais casos, a masa de auga inclúe o último quilómetro de todos os afluentes do tramo.

Río	Límite superior	Límite inferior	km	Obs.
Almofrei	Fervenza de Portamuiño (Pontevedra; 535.319, 4.698.263), límite inferior do tramo 1 do couro de Portamuiño	1 km augas arriba da desembocadura no Lérez (Pontevedra; 534.163, 4.698.607)	2,8	Afluentes 1 km
Alvedosa	Nacemento (Pazos de Borbén)	Desembocadura na ría de Vigo (Redondela; 532.077, 4.681.766)	6,8	Afluentes 1 km
Baleo	Nacemento (Ortigueira)	Ponte do ferrocarril (Ortigueira; 595.677, 4.838.965), límite superior da zona de desembocadura	21	Afluentes 1 km
Da Balsa	Nacemento (Zas)	Ponte da Balsa (Cabana de Bergantiños; 506.697, 4.782.849)	5,9	Afluentes, incluídos os tramos superiores dos afluentes das augas salmoneiras
Baxoi	Xunta dos ríos Vilaríño e Anduriña (Vilamaior; 570.832, 4.801.978)	Ponte do ferrocarril (Miño; 564.494, 4.800.502), límite superior da zona de desembocadura	8,3	Afluentes 1 km
Belelle	A fervenza do Belelle (Fene e Neda; 571.062, 4.814.718)	Lugar de Subarreiros (Neda; 568.375, 4.817.138), límite superior da zona de desembocadura	5,4	Afluentes 1 km
Coroño	Nacemento (Boiro)	Desembocadura no mar (Boiro; 508.140, 4.720.847)	9,8	Afluentes 1 km
De Cundíns	Nacemento (Cabana de Bergantiños)	Ponte do Muíño Novo (Cabana de Bergantiños; 508.658, 4.782.730)	11	Afluentes, incluídos os tramos superiores dos afluentes das augas salmoneiras
Donas	Nacemento (Negreira)	Desembocadura no esteiro do Tambre (Outes; 510.545, 4.741.804)	19	Afluentes 1 km
Espasante ou Callobre	Nacemento (Ortigueira)	Desembocadura no mar (Ortigueira; 596.099, 4.841.048)	12	Afluentes 1 km
Do Esteiro	Nacemento (Ortigueira)	Desembocadura no mar (Mañón e Ortigueira; 602.637, 4.844.818)	11	Afluentes 1 km
Eume	Presa do encoro do Eume (As Pontes de García Rodríguez e Monfero; 580.042, 4.806.545)	Fronte ao km 5 da estrada Pontedeume-A Alameda (Cabanas e Pontedeume; 570.672, 4.808.399), límite inferior do couro de Ombre e superior da zona de desembocadura	13	Afluentes
Da Furnia	Pontillón augas arriba do cemiterio de Amorín (Tomiño; 525.581, 4.649.970)	Desembocadura no Miño (Tomiño; 525.731, 4.648.833)	1,7	Afluentes 1 km
Gafos	Xunta dos ríos Tomeza e do Marco (Pontevedra; 530.017, 4.696.133)	Desembocadura no Lérez (Pontevedra; 528.638, 4.697.405)	2,6	Afluentes 1 km
Galdo ou de Bravos	Pontiga da Baralla (Viveiro; 611.518, 4.831.563)	Desembocadura no Landro (Viveiro; 612.777, 4.832.193)	1,7	Afluentes 1 km
Da Granda ou da Gándara	Desembocadura do Río de Rons (Pontevedra; 528.817, 4.701.751)	Desembocadura no Lérez (Pontevedra; 529.007, 4.698.383)	3,8	Afluentes 1 km



Río	Límite superior	Límite inferior	km	Obs.
Grande	A Presa da Furaqueira ou de Castro Buxán (Vimianzo; 495.183, 4.776.685)	Ponte da Ponte do Porto (Camariñas; 490.629, 4.776.137), límite inferior do couro da Ponte do Porto e superior da zona de desembocadura	8,0	Afluentes
Do Hospital da Briña	Presa da área recreativa da Pedra (Tomiño; 522.729, 4.649.537)	Desembocadura no Miño (Tomiño; 523.608, 4.647.803)	2,5	Afluentes 1 km
Lambre	Ponte de Moreira (Irixoa; 572.310, 4.796.741)	Ponte do Porco (Miño e Paderne; 564.764, 4.798.352), límite inferior do couro de Lambre e superior da zona de desembocadura	10,8	Afluentes
Loureiro	A Ponte de Galea (Viveiro; 615.066, 4.830.070)	Desembocadura no Landro (Viveiro; 613.734, 4.830.232)	1,6	Afluentes 1 km
Louro	Ponte de Valo, na estrada PO-331, límite inferior do tramo 1 do couro do Porriño-Mos (O Porriño; 531.030, 4.667.878)	Desembocadura no Miño (Tui; 530.443, 4.655.459)	16	Afluentes 1 km
Das Maceiras	Nacemento (Redondela)	Desembocadura no Alvedosa (Redondela; 532.087, 4.681.135)	7,2	Afluentes 1 km
Maior	Nacemento (Ortigueira)	Muíño de mareas de Pol (Ortigueira; 592.956, 4.835.821), límite superior da zona de desembocadura	10	Afluentes 1 km
Mendo	Ponte dos Cabalos (Coirós e Oza-Cesuras; 567.461, 4.786.546)	Xunta co Mandeo (Betanzos; 563.880, 4.792.734)	11	Afluentes 1 km
Mera	Xunta do Rego dos Carrís co Rego do Soutochao, augas abaixo da Ponte do Soutochao (As Pontes de García Rodríguez, As Somozas e Ortigueira; 592.274, 4.823.276)	A Presa de Pita (Cerdido e Ortigueira; 588.609, 4.828.615)	16	Afluentes, incluídos os tramos superiores dos afluentes das augas salmoneiras
Mero	Presa de Cecebre (Cambre; 556.964, 4.792.411)	100 m augas abaixo da antiga presa da Barcala, final do tramo canalizado (Cambre e Culleredo; 552.264, 4.795.520), límite superior da zona de desembocadura	10	Afluentes 1 km
Das Mestas e Porto do Cabo	Ponte da estrada AC-102 en Pontellas (Cedeira e Cerdido; 578.950, 4.830.537) e nacemento do Porto do Cabo (Moeche)	A Ponte Vella (Cedeira e Valdoviño; 576.753, 4.831.744), límite superior da zona de desembocadura	17	Afluentes 1 km
Miñor	Fervenza da Torre de Chaín (Gondomar; 521.445, 4.661.724), límite superior do couro de Gondomar	A Ponte da Xunqueira (Gondomar e Nigrán; 516.583, 4.662.424), límite inferior do couro de Gondomar e superior da zona de desembocadura	7,4	Afluentes 1 km
Oitavén	Presa do encoro de Eiras (Fornelos de Montes e Ponte Caldelas; 542.003, 4.688.394)	Desembocadura no Verdugo (Soutomaior; 536.325, 4.688.182)	8,0	Afluentes 1 km
De Pedrafigueira	Nacemento (Carnota)	Desembocadura no mar (Carnota; 491.486, 4.742.956)	6,0	Afluentes
Do Pego	Ponte Tomiñesa, na estrada local que sae de Tomiño cara ao Torneiro (Tomiño; 520.356, 4.648.378)	Desembocadura no Miño (Tomiño; 521.029, 4.646.174)	3,1	Afluentes 1 km
Da Pulgueira	Nacemento (Ortigueira)	Ponte da Pulgueira (Ortigueira; 590.563, 4.828.046)	12	Afluentes, incluídos os tramos superiores dos afluentes das augas salmoneiras
De Rois, Baleirón ou Liñares	Presa da praia fluvial de Seira (Rois; 527.245, 4.735.324), límite superior do tramo 2 do couro de Rois	Desembocadura no Sar (Rois; 527.934, 4.735.054), límite inferior do tramo 2 do couro de Rois	0,98	
Sar	Presa do Muíño de Cuncheiro (Padrón e Rois; 528.067, 4.735.275)	Desembocadura no Ulla (Padrón; 526.986, 4.729.751), límite inferior do couro de Padrón	6,7	Afluentes 1 km
Sóñora	A Ponte da Parcelaria (Lousame e Rois; 518.097, 4.736.392), límite superior do couro de Traba	Muíños de Pedrachán (Noia; 509.594, 4.736.775), límite superior da zona de desembocadura	15	Afluentes 1 km



Río	Límite superior	Límite inferior	km	Obs.
Sor	Nacemento (As Pontes de García Rodríguez e Muras)	Afluente Panda ou río das Forxas (Mañón e O Vicedo; 604.041, 4.836.501), límite superior do couro de Ribeiras	43	Afluentes, incluídos os tramos superiores dos afluentes das augas salmoneiras
Tambre	Presa do encoro de Barrié de la Maza (Brión e Negreira; 516.542, 4.745.819), límite superior do couro de Noia	Desembocadura do Regato de Castro (Noia e Outes; 511.700, 4.741.099), límite inferior do couro de Noia e superior da zona de desembocadura	8,8	Afluentes
Tamuxe	Ponte Urgal, na estrada provincial que sae do Rosal cara a Valdemínos (O Rosal; 514.169, 4.642.386)	Desembocadura no Miño (O Rosal, 514.322, 4.640.008)	3,8	Afluentes 1 km
Te	Nacemento (Dodro)	Desembocadura no mar (Rianxo; 515.149, 4.723.463)	12	Afluentes 1 km
Tines	Ponte San Paio (Mazaricos e Outes; 504.622, 4.748.073), límite superior do couro de Outes	Peirao do Conchido (Outes; 507.880, 4.742.849), límite inferior do couro de Outes e superior da zona de desembocadura	7,8	Afluentes 1 km
Tollo	Ponte da estrada PO-552 (O Rosal e Tomiño; 517.878, 4.643.163)	Desembocadura no Miño (O Rosal e Tomiño; 518.603, 4.641.728)	2,7	Afluentes 1 km
Uma	Nacemento (A Cañiza)	1 km augas arriba da desembocadura no Tea (Ponteareas; 540.922, 4.667.570)	17	Afluentes 1 km
Umia	Fervenza de Segade (Caldas de Reis; 530.984, 4.717.115), límite superior do tramo 1 do couro de Caldas de Reis	Ponte Estacas (Cambados e Ribadumia; 518.301, 4.705.546)	24	Afluentes 1 km
Vadebois	Nacemento (Carnota)	Desembocadura no mar (Carnota; 491.383, 4.743.663)	6,3	Afluentes
Verdugo	Presa da central do Inferno (Ponte Caldelas; 537.199, 4.690.234)	Carballeira dos Franceses, no lugar de Comboa, na marxe dereita, e O Cafexo na marxe esquerda (Pontevedra e Soutomaior; 534.138, 4.687.996), límite superior da zona de desembocadura	5,4	Afluentes 1 km
Xuvia	Nacemento (As Somozas)	A Ponte de Xuvia, na estrada AC-862 (Narón e Neda; 568.587, 4.818.551), límite inferior do couro de Xuvia e superior da zona de desembocadura	38	Afluentes

ANEXO V

Masas de auga de montaña en que a tempada da troita comeza o 1 de maio

Nas masas de auga delimitadas neste anexo o comezo da tempada da troita aprázase ata o 1 de maio. Os límites de encoros son os que se fixan nos anexos VII e VIII desta orde e os límites de coutos son os que se fixan no anexo XII desta orde. Noutros límites inclúense entre parénteses os concellos en que se atopan e as coordenadas (X e Y) no sistema ETRS89, proxección UTM-29N.

Provincia de Lugo.

Bacía do Eo.

Río Rodil	Augas arriba da desembocadura do río Pontigón (A Fonsagrada; 654.463, 4.785.922), incluído este
-----------	---



Bacía do Miño.

Río Neira	Augas arriba do límite superior do couto de Baralla
-----------	---

Bacía do Navia.

Río Navia	Augas arriba do límite superior do couto das Nogais
Río Cancelada	Augas arriba do límite inferior do couto de Doiras
Río Ser	Augas arriba da Ponte de Vilaquinte (Cervantes; 667.735, 4.751.085)
Río Rao	Augas arriba da Ponte das Veigas (Navia de Suarna; 673.191, 4.756.432)
Río Agüeira	Toda a bacía na Comunidade Autónoma, incluídas as dos seus afluentes Allonca e Candesa (A Fonsagrada)

Bacía do Sil.

Río Selmo	Toda a bacía na Comunidade Autónoma (Folgoso do Courel e Quiroga)
Río Lor	Augas arriba do límite inferior do couto de Courel
Río Lóuzara	Augas arriba do límite inferior do couto de Santalla de Lóuzara
Río Cabe	Augas arriba da Ponte de Santalla de Trascastro (O Incio; 637.172, 4.722.574)
Río Mao	Augas arriba da desembocadura do Rego da Ribeira (O Incio; 631.617, 4.726.055), incluído este
Río Soldón	Augas arriba da ponte da estrada de Rugando a Vilarmel (Quiroga; 651.758, 4.705.265)

Provincia de Ourense.

Bacía do Douro.

Río Abredo ou do Pereiro	Toda a bacía, ata a súa confluencia co Pentes/da Ribeira (A Gudiña; 651.870, 4.650.564)
Río de Cádavos	Toda a bacía na Comunidade Autónoma, incluída a do Rego das Veigas (A Mezquita)
Río Pentes/da Ribeira	Augas arriba da xunta do Regueiro do Fontao (A Gudiña; 651.916, 4.653.744), incluído este
Río da Ribeiriña	Augas arriba da xunta do Regato Boelle (A Gudiña; 649.185, 4.654.881), incluído este
Río Parada	Augas arriba da xunta da Ribeira Grande (A Gudiña; 645.060, 4.655.310), incluído este
Río Mente	Augas arriba da presa do Papeleiro (Riós; 640.782, 4.651.658)



Bacía do Limia.

Río Caldo	Augas arriba da xunta do Corgo da Fecha do Carballón (Lobios; 573.682, 4.633.428), incluído este
Río de Vilameá (afluente do Caldo)	Augas arriba da Ponte de Portaparedes (Lobios; 576.482, 4.634.278)
Río de Lobios	Augas arriba da pontella da pista entre Chao das Casas e A Carballiña (Lobios; 577.973, 4.634.564)
Río Cabaleiro	Augas arriba da xunta do río do Chao de Requeixo coa Corga da Carballa (Lobios; 578.945, 4.637.136)
Río Salas	Todas as augas que desembocan no encoro de Salas, excluído este
Río Mao (afluente do Salas)	Augas arriba da xunta da Corga da Poza (Lobios; 581.200, 4.638.777), incluída esta
Río das Mestas ou Firveda	Augas arriba da xunta do rego da Ponte Maior (Calvos de Randín; 595.155, 4.649.076)
Río Necedo ou Airoa	Augas arriba da desembocadura do regato de Guntín (Os Blancos; 602.852, 4.648.841), incluído este
Río de Faramontaos	Augas arriba da Ponte de Penaguda (Baltar; 606.254, 4.643.458)
Río Agro	Augas arriba da xunta da Corga dos Bois ou de Guxinde (Entrimo; 570.879, 4.645.788), incluída esta
Río Pacín ou da Montaña (afluente do Agro)	Augas arriba da xunta da Corga da Ponticela ou de Queguas (Entrimo e Lobios; 574.531, 4.646.569)
Río Fragoso	Augas arriba da xunta do Rego dos Pedrouzos (Lobeira; 579.674, 4.650.921)
Río Cadós	Augas arriba do límite superior do couto de Cadós

Bacía do Miño.

Río Tuño (afluente do Arnoia)	Augas arriba da xunta do río de Cexo (Celanova; 580.397, 4.665.461), incluído este
Río Ourille (afluente do Arnoia)	Augas arriba da ponte de San Pedro (Verea; 588.173, 4.661.476)
Río Deva Grande	Augas arriba da ponte Retortiro (Quintela de Leirado; 575.472, 4.662.869)
Río de Crespos	Augas arriba da ponte de Freáns (Padrenda; 570.455, 4.663.693)

Bacía do Sil.

Ríos Galir e Malvela	Augas arriba do Robledo da Lastra (Rubiá; 672.320, 4.705.826)
Río Farelos	Augas arriba da ponte de San Xulián (Vilamartín de Valdeorras; 662.052, 4.699.989)
Río Leira	Augas arriba da xunta do regueiro de Preates (Vilamartín de Valdeorras; 659.079, 4.700.733), incluído este
Río Sotillo	Toda a bacía na Comunidade Autónoma (Carballeda de Valdeorras)
Río Casoio	Augas arriba da xunta dos ríos Valborrás e Riodolas (Carballeda de Valdeorras; 677.864, 4.690.989)
Regueiro de Candís	Toda a bacía (O Barco de Valdeorras e Carballeda de Valdeorras), ata a desembocadura no Sil
Río Bibeí	Toda a bacía vertente no encoro do Vao, excluído este



Ríos de San Miguel, de San Lázaro, Cabalar, Fiscaíño e Cernado	Todas as súas bacías, ata as respectivas desembocaduras no Bibei
Río Xares	Toda a bacía e augas que verten no encoro de Prada, excluído este
Río das Azoreiras	Toda a bacía, ata a desembocadura no Xares (A Veiga)
Río Navea	Toda a bacía e augas que verten no encoro de Guístolas, excluído este
Río Edo	Augas arriba da xunta dos ríos de Sas de Penelas, Castoi e Ferreiros (Castro Caldelas; 633.020, 4.692.284)
Río dos Vaos	Augas arriba da xunta do regato do Carballiño co río de Vilariño das Uces (A Teixeira; 625.730, 4.690.156)
Río Mao	Todas as augas que verten aos encoros da Hedrada e Leboreiro (Maceda, Montederramo e Parada de Sil), excluídos estes e o couto de Montederramo

ANEXO VI

**Masas de auga con dimensión mínima da troita de 21 centímetros
e cota de captura de 4 exemplares por persoa e xornada
(sen prexuízo da normativa específica dos anexos XI, XII e XIII)**

Os límites de encoros son os que se fixan nos anexos VII e VIII desta orde. Os límites das zonas de desembocadura son as do anexo I da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia. Os límites de coutos son os que se fixan no anexo XII desta orde. Noutros límites inclúense entre parénteses os concellos en que se atopan e as coordenadas (X e Y) no sistema ETRS89, proxección UTM-29N.

Provincia da Coruña.

Masa de auga	Límite superior	Límite inferior
Río Anllóns	Límite superior do couto de Verdes	Límite superior da zona de desembocadura
Río Eume	Presa do encoro do Eume	Límite inferior do couto de Ombre e superior da zona de desembocadura
Río Grande	A presa da Furaqueira ou de Castro Buxán (Vimianzo; 495.183, 4.776.685)	Límite inferior do couto da Ponte do Porto e superior da zona de desembocadura
Río Lambre	Límite superior do couto de Lambre	Límite inferior do couto de Lambre e superior da zona de desembocadura
Río Mandeo	Límite superior do couto de Betanzos	Límite superior da zona de desembocadura
Río Mero	Límite superior do couto de Cecebre	Límite superior do encoro de Cecebre
Río Mero	Presa de Cecebre (Cambre; 556.964, 4.792.411)	Límite superior da zona de desembocadura
Río Sar	Ponte de Chave, na estrada AC-300 (Brión; 528.454, 4.741.113)	Límite inferior do couto de Padrón
Río Sónora ou Traba	Límite superior do couto de Traba	Límite superior da zona de desembocadura
Río Tambre	A Ponte Carreira (Frades e O Pino; 560.890, 4.763.015)	Límite superior do encoro de San Xoán de Fecha
Río Tambre	Presa do encoro de San Xoán de Fecha	Límite superior do couto da Ponte Maceira
Río Tambre	Límite superior do couto de Noia	Límite inferior do couto de Noia

CVE-DOG: hvckvq5-qvb5-5nv4-flu4-6wguigipwc3



Masa de auga	Límite superior	Límite inferior
Río Xallas	Presa do encoro da Ponte Olveira	Límite superior do encoro de Castrelo
Río Xallas	Presa do encoro de Castrelo	Límite superior do encoro de Santa Uxía
Río Xuvia	Límite superior do couto de Xuvia	Límite inferior do couto de Xuvia e superior da zona de desembocadura

Provincia de Lugo.

Masa de auga	Límite superior	Límite inferior
Río Cabe	Límite superior do couto de Monforte	Límite superior do encoro de San Pedro
Río Eo	Límite superior do couto de Vilarmide	Límite superior do couto da Pontenova
Río Ladra	Límite superior do couto de Begonte	Límite inferior do couto de Ladra
